



D/8

Dña. Adela Miguéns Muñiz, secretaria/delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

CERTIFICO: Que polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día **19 DE XANEIRO DE 2017**, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2017.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2017, que ascende á cantidade de 1.106.795,00 €.

Interven o Sr. presidente que dá unha breve explicación, das modificacións realizadas no orzamento, das aplicacións presupostarias incrementadas, na partida de actividades deportivas, en 20.000,00 €, Escolas Deportivas en 2.000,00 € e na partida de subvencións, cun aumento de 10.000,00 €, para as actividades deportivas extraordinarias, así como establécese unhas partidas de inversións por importe de 10.000,00 €.

Pola Sra. interventora/delegada dáse un breve resumo da memoria e o seu informe do borrador do presuposto da Fundación de Deportes, para o ano 2017, no que se incrementa por un importe total de 42.000,00 €, con respecto ao presuposto aprobado do exercicio anterior do ano 2017, indicando que cumpre toda a capacidade financeira e a regra de gasto. Así como proponse unha modificación na base 9ª para recoller o cambio de nivel de vinculación do capítulo VI (inversións) da Fundación de Deportes, pasando de vincular a nivel artigo para vincular a nivel capítulo, co obxectivo de conseguir unha maior axilidade e aproveitamento das cantidades consignadas.

.....

Unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de once votos a favor das/os Sras./es.: Torrado, Fernández, Vicente,

Santorum, Vilas, García e Sr. Serén, ningún voto en contra e, tres abstencións das Sras.: Suárez, Granja e Sr. Núñez. Polo que o Consello Reitor acorda:

1.- Aprobar o borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2017, que ascende á cantidade de 1.106.795,00 €. e, remiti-lo ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

2.- A proposta de modificación na base 9ª para recoller o cambio de nivel de vinculación do capítulo VI (inversións) da Fundación de Deportes, pasando de vincular a nivel artigo para vincular a nivel capítulo, co obxectivo de conseguir unha maior axilidade e aproveitamento das cantidades consignadas.

E para que conste ca súa unión ó expediente, expido a presente, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de xaneiro de dous mil dezasete.

